

## Anuncio

Por medio da presente expónse ó público a MODIFICACIÓN PARCIAL DO REGULAMENTO XERAL DOS SERVICIOS MORTUORIOS DO CONCELLO DE VIVEIRO, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación de data 16 de xuño de 2014, elevado a definitivo segundo o artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, do seguinte xeito:

1º.- Habilítase un procedemento especial e excepcional para os supostos de persoas de imposible localización e quedando os artigos afectados segundo a continuación se indica:

### ARTIGO 44 BIS

Procedemento especial.

Este procedemento é tendente á actualización da titularidade das concesións administrativas afectadas, sempre e cando quede suficientemente acreditado que o falecemento da/s persoa/s que figuran nos arquivos do Concello como titulares da concesión administrativa da unidade de soterramento de que se trate, sexa dunha antigüidade superior a 20 anos ou tiveran transcorrido, cando menos, dúas xeracións.

A solicitude de cambio de titularidade deberá conter os datos identificativos da concesión da parcela, sepultura, nicho ou panteón e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro xunto coa demáis documentación exigida segundo o procedemento administrativo que corresponda:

- Circunstancia xustificativa da aplicación deste procedemento.
- Título de concesión orixinal ou duplicado expedido a estes efectos pola administración municipal.
- Acta matrimonial, libro de familia do titular, documentación acreditativa do Rexistro Civil se existe, ou no caso de imposibilidade do anterior, declaración xurada da composición do núcleo familiar na data da concesión.
- Declaración xurada da línea xenealóxica a partir do titular ou documento que acredite a condición de herdeiro do/a solicitante.
- Identificación dos herdeiros ou herdeiras e do seu enderezo actual, no seu caso, do último coñecido, no suposto de que esteñan localizados.
- Certificación negativa do Rexistro de derradeiras vontades ou documento que acredite o falecemento do titular da concesión.
- Escrito formulado por todos/as os/as compoñentes da comunidade hereditaria, ou os seus representantes legais ou voluntarios, no que se designe cal vai ser o novo ou a nova titular, con renuncia dos restantes herdeiros ou herdeiras á concesión administrativa e aos dereitos inherentes á mesma sobre a sepultura.
- No caso de que algún dos membros da comunidade hereditaria resulte ilocalizable ou descoñecido, nese mesmo escrito recollerase unha declaración xurada conxunta na que se faga constar tal circunstancia e se procederá ao intento de localización a través de edictos.
- No caso de cotitularidades de concesións na que un dos membros da mesma resulte ilocalizable ou descoñecido recollerase unha declaración xurada conxunta na que se faga constar tal circunstancia e procederase á publicación e ao intento de localización a través de edictos.

Na resolución pola que se aprobé a transmisión da titularidade da concesión, farase constar que o novo título se outorga sen perxuízo dos dereitos que puideran corresponder a terceiros afectados.

Será a cargo do/a solicitante o importe das publicacións regulamentarias en boletíns e diarios oficiais que sexa preciso realizar, tanto da proposta de resolución como da resolución ou das notificacións por edictos que sexan precisas.

## **ARTIGO 44 TER**

No suposto de falecemento dun membro da unidade conxugal baixo cuia titularidade se atope a concesión administrativa da parcela, sepultura, nicho ou panteón atenderase para a determinación da titularidade do mesmo ás normas establecidas no Código Civil.

2º Proceder á ampliación do prazo de adaptación das concesións administrativas do Cemiterio Municipal de Viveiro ao Regulamento Xeral dos Servicios Mortuorios en cinco anos dende a publicación da presente modificación.

En Viveiro, a 26 de agosto de 2014.- A ALCALDESA, María Loureiro García